



Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



TABOLEIRO DE ANUNCIOS
Concello de Carballo

Notificación.-2016002099 - CONCESIÓN PROVISIONAL DE SUBVENCIONS EN MATERIA DE DEPORTE 2016. APERTURA DE PRAZO DE ALEGACIONES.

Notifícaselle que a Alcaldía, en data 5 de agosto de 2016 dictou a seguinte resolución:

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 6 de xuño de 2016 foron aprobadas as bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividades deportivas durante o ano 2016.

Na mesma sesión foron aprobadas as bases específicas para o financiamento de proxectos de actividade xeral, organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinaria e a organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España o ano 2016.

Ditas bases foron publicadas no BOP nº 113 de 15 de xuño de 2016.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía número 2077/2016, do 3 de agosto, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa reunión o día 5 de agosto de 2016.

Vista a acta da reunión e o informe do servizo de deportes, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Non admitir a solicitude que figura no Anexo 1 por constituir o terceiro proxecto de evento a subvencionar para esa entidade, estando limitado a dous o número máximo de solicitudes na base específica nº 3 da convocatoria para organización de eventos.

Segundo.- Aceptar a petición de desestimento formulada polos titulares das solicitudes que figuran no Anexo 2.

Terceiro.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2016 ás entidades que se relaciona no anexo 3, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC201600016770), sendo o importe total proposto de 8.800,00 €, estando previstos inicialmente 12.000,00 €.

Cuarto.- Incrementar os importes globais correspondentes ás seguintes convocatorias, e polas cuantías indicadas, dado que unha vez resolta con anterioridade a "Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2016" non se acadou o gasto máximo previsto existindo un importe excedente de 3.200 €, e contemplando as bases específicas das convocatorias que o importe do crédito destinado ás mesmas, poderá incrementarse nunha contía adicional sen necesidade de nova convocatoria respectando os límites e condicións establecidos no artigo 58 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no artigo 9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A intervención municipal realizará os oportunos trámites. (Ambos créditos orzamentarios son imputables á mesma aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor).

Convocatoria	Aplicación	Importe global inicial	Cuantía a incrementar	Importe global actual
Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2016.	3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas"	8.000,00 €	1.600,00 €	9.600,00 €
Convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de actividade xeral durante o ano 2016.	3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas"	85.000,00 €	1.600,00 €	86.600,00 €

Quinto.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2016 ás entidades que se relaciona no anexo 4, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC201600016769), sendo o importe total proposto de 9.600,00 €.

Sexto.- Conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de actividade xeral durante o ano 2016 ás entidades que se relaciona no anexo 5, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/4890000 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor. (RC201600016768), sendo o importe total proposto de 86.600,00 €.

Séptimo.- Autorizar ás entidades sinaladas no Anexo 6, e para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratar cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan, por atoparse nalgunha das circunstancias previstas no art. 68.2 do RD 887/2006, o cal solicitaron facendo constar expresamente que os seus importes se axustan a criterios de mercado.

Oitavo.- Exonerar a tódolos beneficiarios da constitución de garantía necesaria para importes de subvención que excedan de 3.000,00 €, segundo o previsto nas bases xerais da convocatoria, en conformidade ó previsto no artigo 42 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 denovembro, Xeral de Subvencións, xa que declaran insuficiencia financeira para asumir os gastos que se derivan do proxecto subvencionado.

Noveno.- Ordear a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.org/deporte/portada.php> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións. No caso de non formular desestimento expreso, a subvención considerarase aceptada tácitamente. Resoltas as alegacións, se as houbera, concederanse con carácter definitivo as subvencións en materia de deportes pola Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, pola Alcaldía. A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor da entidade beneficiaria proposta fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a resolución definitiva de concesión.

Anexo 1. Non Admitida.

Solicitante	CIF/NIF	Solicitude	Proxecto a Subvencionar	Tipo	Solicitado I.
Club Mais Motor	G70384425	2016007954	Adestramentos prev. Cto. Galego de Autocross	Eventos	1.000,00 €

Anexo 2.- Desistidas.

Solicitante	CIF/NIF	Solicitud	Proxecto a Subvencionar	Tipo	Solicitado I.
Atletismo Carballo	G70386248	2016007924	Atletismo	Actv. Xeral	7.400,00 €
Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	2016007734	III Torneo, III Torneo, V Torneo, etc.	Eventos	1.500,00 €

Anexo 3.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización e participación en fases finais de ascenso a competicións nacionais e campionatos de España durante o ano 2016.

Entidade Solicitante	Cif.	Obxecto	Puntos	Importe Outorgado	Orzamento Subvencionado a Xustificar
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Fase Ascenso División Honra de Prata	100	3.636,00 €	15.226,00 €
Escola Basket Xiria	G70045844	Participación do equipo cadete masculino "Carballo a un paso Basket Xiria no campionato de España de clubs 2016- Andorra/La Seu d'Urgell.	90	2.000,00 €	6.985,00 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Campeonato Estatal de Balonmán	70	1.364,00 €	4.628,43 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Participación en Campionatos de España de Natación	50	800,00 €	1.600,00 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Participación en Campionatos de España de Triatlón	40	1.000,00 €	2.000,00 €

Anexo 4.- Subvencións concedidas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2016.

Entidade Solicitante	Cif	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	% aport. municipal	Orzamento Subv. a Xustificar
Club Baloncesto Artai	G70226675	Copa Primavera Cadete Masculino 2016	51,36	257,00 €	0,50	514,00 €
Club Baloncesto Artai	G70226675	Copa Bergantiños 2016	50,62	312,00 €	0,50	624,00 €
Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello de Carballo 2016	63,14	1.028,62 €	0,70	1.469,46 €
Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Junior Carballo	55,71	907,60 €	0,70	1.296,57 €
Club Ciclista Monteneme	G15861271	XIV Marcha Costa da Morte	60,82	990,80 €	0,22	4.458,60 €
Club Xadrez O Toque Xiria	V70072582	I Torneo de Xadrez Activo Concello de Carballo	29,50	480,56 €	0,67	720,84 €
Escudería Máis Motor	G70384425	V Campionato Galego de Autocross Carballo 2016	79,25	1.291,01 €	0,15	8.442,46 €
Escudería Máis Motor	G70384425	VI Campionato Galego de Autocross Carballo 2016	79,25	1.291,01 €	0,17	7.533,00 €
Judo Club Bergantiños	G70457411	Campeonato de Judo do Nadal	15,00	244,35 €	0,70	349,07 €

Entidade Solicitante	Cif	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	% aport. municipal	Orzamento Subv. a Xustificar
Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2016	53,07	864,55 €	0,62	1.389,76 €
Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	Torneo Fútbol Base SD Sofán 16	85,25	1.388,75 €	0,38	3.610,75 €
3D3 Pádel	G70478094	Torneo de Nadal de Pádel	33,38	543,75 €	0,20	2.755,45 €

Anexo 5.- Subvencións concedidas a entidades deportivas para o financiamento de actividade xeral durante o ano 2016.

Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Puntos	Importe Subvención
Agrupación Deportiva Carballo	G15252133	Liga de Fútbol Sala de Carballo	2,75	513,94 €
Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	Escolas e Equipos Federados de Natación e Triatlón	43,13	8.060,99 €
Asociación Deportiva Xiria	G15113376	Promoción do voleibol e desenrolo das diversas competicións	30,52	5.703,46 €
Club Baloncesto ARTAI	G70226675	Comp. Fed. nas ligas comarcais, provinciais e galegas	28,78	5.377,77 €
Club Ciclista Carballo	G15208879	Escolas de Ciclismo	19,02	3.555,36 €
Club de Surf Teirón	G15977341	Realización Deporte Surf	3,80	709,94 €
Club de Xadrez O Toque Xiria	V70072582	Liga Galega por Equipos de Club	4,28	800,63 €
Escola Basket Xiria	G70045844	Promoción do Baloncesto como actividade físico deportiva salvable no Concello de Carballo e participación dos equipos federados da Escola Basket Xiria en competicións oficiais no ano 2016.	68,04	12.716,70 €
Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G15149230	Escola Lubiáns de Hockey e Patinaxe Artística	24,39	4.557,46 €
Escolas Balonmán Xiria	G70046362	Promoción Balonmán nas Competicións	86,38	16.143,79 €
Escolas de Fútbol Luis Calvo Sanz	G15794589	Fomento do Deporte Base no Concello de Carballo	51,20	9.568,98 €
Judo Club Bergantiños	G70457411	Judo Federado 2016	4,51	842,01 €
Karate-Do Carballo	G70319744	Gastos federativos e material deportivo 2016	11,81	2.207,43 €
S.D. San Lorenzo de Berdillo	G15321060	Fútbol, Participación Cpto. 2ª Rexional 2016	7,23	1.351,10 €
Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Salvamento Deportivo 2016	36,39	6.800,08 €
Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	SD Sofán Actividade Deportiva 2016	32,48	6.069,27 €
3D3 Pádel	G70478094	Escolas de Pádel	8,67	1.621,09 €
			Total	86.600,00 €

Anexo 6.- Entidades autorizadas para a execución das actividades obxecto das solicitudes contratando cas persoas e/ou entidades vinculadas que se relacionan.

Solicitante	CIF/NIF	Proxecto a Subvencionar	Empresa o persoa ca que se contrata.
3D3 Pádel	G704780 94	Escolas de Pádel e Torneo de Nadal de Pádel	Centro Deportivo 3D3 Pádel
Agrupación Deportiva Fogar	G151607 73	Escolas e Equipos Federados de Natación e Triatlón; Participación en Campionatos de España de Natación; Participación en Campionatos de España de Triatlón.	Gustavo Álvarez Nogueira
			Javier López Basanta
			Javier Fernández Rodríguez
			Jesús Francisco Pereira Campos (Talleres Bergantiños, SL)
Club de Surf Teirón	G159773 41	Realización Deporte Surf	Escola de Surf Razo, S.L.
Escola Lubiáns de Hóckey a Patíns	G151492 30	Escola Lubiáns de Hóckey e Patinaxe Artística	Carlos Loureiro Romero
			Diego Vieites Ponte
			Manuel Ruibal Núñez

RECURSOS

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, vostede poderá interpor alternativamente o recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, ante o alcalde do Concello de Carballo, de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses que comezará a contar dende o día seguinte ao da recepción desta notificación, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998 da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida vostede interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

A que comunico para os efectos oportunos.

Carballo, 5 de agosto de 2016



D. José Villán Fuertes
Secretario

